

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, de 2 abril, o Servizo Galego de Saúde:

- A) Está adscrito ao Consello da Xunta de Galicia.
- B) Non é un organismo autónomo.
- C) Non ten personalidade xurídica propia.
- D) Está adscrito á Consellería de Sanidade.

2. Segundo o artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal dos servizos de saúde clasifícase atendendo a:

- A) O tipo do seu nomeamento.
- B) A función desenvolvida.
- C) O nivel do título esixido para o ingreso.
- D) Todas as respostas son correctas.

3. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, de 2 abril, dispón que a atención primaria caracterízase por:

- A) Unha alta intensidade dos coidados requiridos.
- B) A medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos da saúde.
- C) A verificación dos estándares sanitarios definidos.
- D) Un enfoque global e integrado da atención e da saúde.

4. O artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as actuacións das Administracións Públicas estarán orientadas a:

- A) Garantir a información sobre servizos sanitarios.
- B) Garantir que os cidadáns obteñan os medicamentos e produtos sanitarios que consideren necesarios para a saúde.
- C) Garantir que, cantas accións sanitarias se desenvolvan, estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- D) A promover a rehabilitación laboral dos pacientes.

5. Conforme co previsto na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento de carreira profesional está destinado a retribuír:

- A) O grado recoñecido.
- B) O nivel do posto.
- C) O especial rendemento.
- D) A especial dedicación e responsabilidade.

6. Para os efectos da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase mediante:

- A) Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- B) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- C) Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. O artigo 40 do Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria, que non requiran dedicación exclusiva ás funcións da xefatura, serán provistos polo sistema de:

- A) Concurso de méritos.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Libre designación.
- D) Concurso-oposición

8. Sinale a afirmación falsa de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, en relación co persoal que desempeña unha praza en comisión de servizos:

- A) Ten dereito á reserva da súa praza ou posto de orixe.
- B) Está obrigado a participar no seguinte concurso de traslados.
- C) A praza cuberta en comisión de servizos ofertarase no seguinte proceso de provisión de prazas que sexa convocado.
- D) Ningunha das anteriores é falsa.

9. Atendendo á Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado:

- A) Pode ser solicitado por calquera profesional do centro sanitario.
- B) En ningún caso pode ser outorgado en substitución doutra persoa.
- C) A prestación do consentimento informado é un deber para o paciente.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

10. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) É única por paciente en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- B) É propiedade do paciente.
- C) É propiedade da Administración sanitaria ou entidades titular do centro sanitario.
- D) Debe ser destruída aos cinco anos do falecemento do paciente.

1. Cal das seguintes é causa de extinción da condición de persoal estatutario fixo, de conformidade co previsto no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) A excedencia voluntaria durante máis de 5 anos.
- B) A excedencia voluntaria durante máis de 10 anos.
- C) A excedencia voluntaria durante máis de 15 anos.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

2. Segundo o artigo 2.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as Comunidades Autónomas poderán dictar normas de desenvolvemento e complementarias desta Lei:

- A) No exercicio das competencias que lles atribúen os correspondentes Estatutos de Autonomía
- B) No exercicio das competencias que lles atribúen as correspondentes leis autonómicas de saúde
- C) Non poderán dictar ningunha norma de desenvolvemento da Lei Xeral de Sanidade
- D) As respostas A) e B) son correctas